

MESA SECT R



RESUMO DA MESA DO 12/06/09

Orde do día:

1. Aprobación se procede, da Acta da sesión celebrada o día 26 de maio.
2. Calendario escolar 2009/2010
3. Oferta de ciclos formativos para o curso 2009/2010 (pendente da mesa do 29 de maio)
4. Rogos e preguntas

Representantes da Administración: Jose Luis Mira (D. Xeral de Educación, FP e innovación educativa), Jose Luis Canosa (Subdirector xeral de Persoal), Graña (Subdirector xeral de educación) e Jesús Buján (Xefe de servicio).

1. Facemos constar que na Acta do 26 de maio non aparece reflectidas as alegación de **ANPE** e llas remitiremos por mail.
2. Tras a presentación do Calendario escolar para o vindeiro curso por parte do D. Xeral se nos di que “está practicamente coma o do curso pasado”, “soamente o 8 de xaneiro elíxese como o día do docente e se varía o comezo e final de curso”.

ANPE fai unha introducción xeral antes de entrar directamente no articulado:

Sí, hai cambios importantes no número de días.

Ano tras ano a Admon. trae a esta mesa un aumento de días cando na LOE aparece recollido “175 días lectivos como mínimo”, somos das CCAA con maior número de días lectivos.

Defendemos a xornada matinal para todos os centros educativos: os que xa a teñen que se lles **prorroque** automaticamente e os que non que se lles **implante**, **NON PODEMOS TOLERAR QUE O TRANSPORTE CONTINÚE A CONDICIONAR A XORNADA ESCOLAR.**

Non estamos pechados a unha reestructuración do calendario escolar, sempre que supoña unha mellora e non se vexa perxudicado ningún sector da comunidade educativa. Analizando o número de días lectivos propostos **atopamos unha desproporción do primeiro trimestre con respecto ós segundo e terceiro debido ó adianto de datas que vimos sufrindo nos últimos anos:**

1º trimestre: 71 días lectivos.

2º trimestre: 52 días lectivos.

3º trimestre: 54 días lectivos.

Por outra banda, levamos dicindo, e así nolo corrobora o profesorado que imparte en Educación infantil, que hai que contemplar unha verdadeira flexibilización do horario no mes de setembro.

Analizando polo miúdo o articulado **ANPE** propón :

- Art. 5: Retrasar o comezo de curso ata o día 11 de setembro e rematar primeiro trimestre o 22 de decembro. *(NON o cambiarán)*
- Art. 7: Mércores de cinza como día non lectivo por razóns de tradición e costume en Galicia. *(Acéptano)*
Parécenos acertado celebrar o día do docente o 8 de xaneiro xa que como dixemos na nosa intervención previa: o primeiro trimestre é demasiado longo e o 7 de decembro xa é festivo.
- Art. 10: Xornada matinal para todos os centros **ANPE ESTÁ FARTO DE QUE O TRANSPORTE ESCOLAR CONDICIONE A MAIORÍA DA NORMATIVA QUE PASA POR ESTA MESA. A XESTIÓN DUN CENTRO EDUCATIVO NON PODE DEPENDER DEL. URXE REVISAR O CONVENIO CÓ TRANSPORTE.** *(Alégranos escoitar que son conscientes de que hai que analizar e solucionar o problema do transporte, (se lles recordou que era un dos puntos recollidos no seu programa electoral)*
-
- Art. 11: Na adecuación do horario do profesorado que se fai na última semana de xuño, pedimos ó igual que outras OOS que se teña en conta a presentación dos interinos e substitutos ao proceso selectivo.
- Art. 12: Nas ensinanzas de réxime especial deberíase revisar o horario porque co adianto de curso escolar proposto pola Administración e tendo en conta o período de exames podémonos encontrar coa falla de profesorado nos centros. *(Non están dacordo cós cambios no horario das ensinanzas de réxime especial, e non o van a cambiar).*
- Disposición adicional segunda: **ANPE** pide a modificación inmediata da flexibilización do horario recollida na Orde onde só se fala dunha semana esiximos que se amplíe ata o 25 de setembro. *(Acéptano)*

3. Oferta de ciclos formativos para o curso 2009/2010

O Director Xeral informa que a Orde de oferta é igual que a do ano pasado.
O Ministerio está a axilizar os R. D. e dende a Consellería van traendo os Decretos correspondentes, outros 6 para a próxima semana.
Neste curso 2009/2010 teremos a maior oferta posible, transformando ou ampliando a existente.
O vindeiro curso haberá 17 ciclos formativos novos, dos cales 3 son recuperados.

Ciclos de nova implantación en réxime ordinario:

- **CSENA01** Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica no IES Cruceiro Baleares de A Coruña, no IES As Mercedes de Lugo.
- **CMIFC01** Sistemas microinformáticas e redes no IES Castro da Uz de As Pontes, no IES Antón Losada de A Estrada,
- **CSQUI01** Laboratorio de análise e de control de calidade no IES Moncho Valcarce de As Pontes.
- **CMINA02** Vitivinicultura no CIFP A Granxa de Pontearreas.
- **CS07002** Produción de audiovisuais, radio e espectáculos no IES Audiovisual de Vigo.

Ciclos de nova implantación en oferta modular adultos:

- **ZS08002** Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas no CIFP Someso de A Coruña.
- **ZSQUI01** Laboratorio de análise e de control de calidade no IES A Sardiñeira de A Coruña, no CIFP Compostela.
- **ZM12002** Estética persoal decorativa no IES A Piringalla de Lugo.
- **ZMSAN01** Emerxencias sanitarias no IES Politécnico de Lugo.
- **CS09004** *Sistemas de telecomunicación e informática en Sarria. (en estudio)*
- **ZSSSC01** Educación infantil no IES de Chapela en Redondela.

Ciclos recuperados:

- **CS09002** Desenvolvemento de produtos electrónicos no IES Perdouro de Burela.
- **CS17002** Mantemento de equipo industrial no IES Laxeiro de Lalín.
- **CS09004** Sistemas de telecomunicación e informáticos no IES Ribeira do Louro en O Porriño.

ANPE informa á Dirección Xeral da preocupación que existe no seo da organización pola situación da Formación profesional e que a partires dunha enquisa a nivel nacional da cal temos os resultados colgados na web: www.anpegalicia.com comezamos unha campaña de **prestixio de FP**.

- Pedimos a rede de FP en condicións e coherencia.
- Esiximos que se potencie dunha maneira real a FP cunha forte campaña de publicidade da oferta educativa pública na nosa comunidade; non é de recibo que mentres España está 5 puntos por encima da media europea en licenciados, estamos 17 puntos por debaixo en titulados de FP.
- A rateo fora das cidades debe baixar ata 5 alumnos e contabilizar os repetidores. *(os repetidores se contabilizarán, pero non rebaixarán o número de forma xeralizada, estudaranse casos concretos)*

- Revisar e contemplar na Orde os criterios flexibles que se seguían para manter ciclos con pouco alumnado: existencia na mesma cidade en réxime concertado, oferta única en Galicia, inexistencia doutro alternativo nun radio de 30 km e os dos centros integrados. *(os criterios esgrimidos por a administración non se refiren ós citados e que se levaban a cabo ate o de agora senón que se nos fala de “ criterios de profesionalidade por parte da Dirección xeral” e polo tanto descoñecidos para nós.)*
- Ampliar o prazo de matrícula para que alumnado que suspenda a selectividade se poida incorporar. *(Non o consideran necesario)*
- Demandamos a existencia de oferta de FP a distancia, hai anos funcionou de xeito experimental. *(Están dacordo coa proposta pero a Administración do Estado ten que xestionar a entrada de banda ancha nos centros)*
- Ao igual que en anos anteriores esiximos BECAS DE transporte e residencia para posibilitar ó desprazamento de alumnado a outras localidades. *(Non sabe se será posible, toma nota aínda que di que é competencia do Estado ó non estaren transferidas á Comunidade).*
- Establecer criterios á hora de conceder ciclos á privada, sobre todo, cando haxa oferta pública: sabemos que cando hai demanda dalgún ciclo a oferta privada dispárase e demandamos que se sexa prudente e se analice polo miúdo para non competir coa pública.
- Constatamos a nosa preocupación pola oferta desigual nas provincias galegas, Ourense é das mais perxudicadas, de feito non disporá o vindeiro curso de ningún ciclo de nova creación ou recuperados, cando estamos a ver que se oferta VITIVINICULTURA por primeira vez e non se teñen en conta as zonas de O BARCO DE VALDEORRAS, VERÍN, ou RIBADAVIA. *(contestan que como é novo decidiron escomenzar có de Pontearreas xa que hai que formar ó profesorado especificamente o seren módulos tan específicos)*
- Demandamos formación do profesorado como en Mesas anteriores. *(están dacordo en que este é un punto importantísimo)*

O Director Xeral agradece a campaña de **prestixio da FP** que se está a facer dende **ANPE** así como a importancia da **rigoriedade** antes de lanzar unha oferta, explica que **“non é unha formación para escolarizar”** senón “unha formación para atender necesidades de cualificación do sistema productivo”.

4. ROGOS E PREGUNTAS

- **ANPE** mostra a súa preocupación polas RPTs de Relixión, xa que non se publicaron as listas de desprazados e se contabilizan erros. Demandamos explicacións de cómo se vai a levar este proceso. (non é da súa Dirección Xeral)
- Preguntamos pola tardanza en traer á Mesa as MRPs (axudas para formación) xa que hai rumores de que non van a ter presuposto.
- Como en Mesas anteriores, ofertar unha serie de optativas (entre elas Xeoloxía) no Bacharelato. (estano estudiando).
- ¿Qué pasa cos libros de texto? A estas alturas de curso e a comunidade educativa descoñece o proceder da nova Administración. (non resposta)
- Ante as situacións que se están creando, e, segundo o recollido no programa electoral do PP, esiximos administrativos en todos os centros educativos: NON

SE PODE SEGUIR AUMENTÁNDOLLE O TRABALLO BUROCRÁTICO ÓS EQUIPOS DIRECTIVOS.

- Preocúpanos todo o referente á Prevención de riscos laborais xa que se está incumprindo a lei.
- Lle trasladamos os problemas xurdidos nas Listas de substitución en diversas asignaturas de arte dramático (DOG de 5 de xuño) con substitutos/as que poderían acceder por titulación e así aparece recollido no BOE do 17 de novembro de 1994 no RD 1954/1994 do 30 de setembro:
_ Licenciado en Historia del Arte ----- Licenciado en Xeografía e Historia (sección Arte ou Historia del Arte) pero llo denegan.

Finalmente, se lles comunica que URXE A MESA DE NEGOCIACIÓN DOS REAGRUPAMENTOS EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA que se nos dixera que estaría para comezos da próxima semana e aínda non temos convocatoria.